

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 24 DE MAIO DE 2024

Ás 10:40 horas do día 24 de maio de 2024, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 21 de maio de 2024, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: Margarita Parajó Calvo, titular da Asesoría Xurídica
Olga Gómez Corbal, suplente do interventor xeral
Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos
José Angel Otero Lamas, xefe de área de Investimentos
Beatriz Barbará Rodríguez, xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos
Cristina Gómez García, xefa do Servizo de Igualdade (asiste aos puntos 5a e 6a)
Ruth María Gallego Santos, suplente do xefe da Área de Servizos Xerais (asiste aos puntos 8a, 9a e 10a)
José Francisco Mourelle González, suplente do xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste aos puntos 9a e 10a)

Secretaria: María Dolores Sotelo Gallego

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión do servizo municipal de atención domiciliar da infancia (SADI) (12768-224)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 20:47	Páxina 1 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAD57-A6EHC8-EEB2DC-TS5ZQZ-UEBJGZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS**

**ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO
DE VIGO**



A continuación entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Igualdade o 21 de maio de 2024 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos/as membros presentes.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura das proposicións avaliables mediante fórmula (procedementos abertos e abertos simplificados), e se procede, proposta de clasificación ou clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión do servizo municipal de atención domiciliaria da infancia (SADI) (12768-224)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" do único licitador admitido co seguinte resultado:

	Licitador	Porcentaxe de desconto a aplicar aos prezos unitarios previstos no apartado 3.G da FEC	Horas anuais a disposición do servizo (máximo 50 horas anuais)
1	ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS	1,5 %	50 horas

O licitador presenta o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

En aplicación dos criterios recollidos no apartado 7D do Anexo I -FEC- e a cláusula 16.1.b) do PCAP, constátase que a oferta non contén valores anormais ou desproporcionados, polo que procede outorgarlle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula ao abeiro do previsto na cláusula 15.3:

	Licitador	Porcentaxe de desconto a aplicar aos prezos unitarios previstos no apartado 3.G da FEC	Horas anuais a disposición do servizo (máximo 50 horas anuais)
1	ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS	35,00	16,00

Tendo en conta a puntuación obtida polo licitador na súa proposición avaliable mediante xuízo de valor (47,00 puntos), a puntuación total é a seguinte:

	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS	47,00	51,00	98,00

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración da proposición presentada, por unanimidade dos/as membros presentes, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 20:47	Páxina 2 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAD57-A6EHC8-EEB2DC-TS5ZQZ-UEBJGZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión do servizo municipal de atención domiciliar da infancia (SADI) (12768-224) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Total puntos
1	ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS	98,00

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.5 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente.”

8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas anormalmente baixas

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Humanización da rúa Foxos, entre as rúas Travesía dos Foxos 1 e Sanjurjo Badía” (1754-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra que o 16 de maio de 2024, en cumprimento do acordado na sesión da mesma data, iniciouse o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS, S.L.

Durante o prazo concedido, a licitadora presentou documentación da que se deu traslado ao responsable do contrato.

O 20 de maio de 2024 a enxeñeira industrial e o xefe da Área de Servizos Xerais emitiu informe sobre a xustificación presentada no que se indica que “A empresa declara que se ratifica na oferta presenta. Non presenta ningún tipo de desenglobe da oferta económica plantexada, nin desenvolve nin xustifica o aforro, nin para unidades nin para ningún dos conceptos. Non recolle nin inclúe minoración de rendementos, nin novas solucións técnicas adoptadas, nin xustificación de aforros con compromisos de subministradores que xustifiquen os prezos dos materiais nin ningún dato que xustifique a mellora da oferta”, polo que conclúe que “Non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 149 do TRLCSP para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato.”



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 20:47	Páxina 3 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAD57-A6EHC8-EEB2DC-TS5ZQZ-UEBJGZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



A Mesa, por unanimidade dos/as membros presentes, acepta o anterior informe e acorda propoñer ao órgano de contratación:

- a) Excluir deste procedemento a COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS, S.L., por entender que a súa oferta non poden ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización da rúa Foxos, entre as rúas Travesía dos Foxos 1 e Sanjurjo Badía" (1754-441)

A continuación entrégase o informe asinado pola técnica de xestión e o xefe da Área de Inversións o 21 de maio de 2024 de valoración do sobre C "proposición avaliada mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos/as membros presentes.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo integral de comunicacións do Concello de Vigo (10119-113)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación entrégase o informe asinado polo técnico responsable de Seguridade Informática e o xefe do Servizo de Administración Electrónica o 20 de maio de 2024 de valoración do sobre C "proposición avaliada mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos/as membros presentes.

10.- Propostas de clasificación (procedementos abertos) ou clasificación (procedementos abertos simplificados)

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización da rúa Foxos, entre as rúas Travesía dos Foxos 1 e Sanjurjo Badía" (1754-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos/as membros presentes, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento a COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado pola enxeñeira industrial e o xefe da Área de Servizos Xerais o 20 de maio de 2024

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 20:47	Páxina 4 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAD57-A6EHC8-EEB2DC-TS5ZQZ-UEBJGZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



“Humanización da rúa Foxos, entre as rúas Travesía dos Foxos 1 e Sanjurjo Badía” (1754-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadoras	Total puntos
1	SERVICIOS AMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	96,50
2	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	37,49

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SERVICIOS AMBIENTALES DEL MIÑO, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.5 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo.”

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo integral de comunicacións do Concello de Vigo (10119-113)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos/as membros presentes, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo integral de comunicacións do Concello de Vigo (10119-113) na seguinte orde descendente:

	Licitadoras	Total puntos
1	UTE TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U., TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA, S.A.U. E TELEFÓNICA IOT & BIG DATA TECH, S.A.U.	95,19
2	VODAFONE ESPAÑA, S.A.U.	93,10

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U., TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA, S.A.U. E TELEFÓNICA IOT & BIG DATA TECH,



Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



S.A.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Asemade, lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- do PCAP.
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente.”

11. Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica soporte dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas” (10068-335)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación, lembra aos/ás membros da Mesa de Contratación que a resolución de clasificación, co requirimento da documentación do artigo 150 da LCSP, foi notificada a FLUGE GALICIA, S.L. o 16 de maio de 2024. Este presenta a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira, da solvencia técnica e profesional, dos medios persoais e da habilitación profesional esixidos no PCAP e das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, así como, a solicitude de retención no prezo da garantía e os anexos IV e V do PCAP. Asemade, figuran, no certificado do Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, os certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias (coa AEAT, Seguridade Social e ATRIGA) e, no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

En vista do anterior, a Mesa de Contratación comproba a documentación anterior, enumerada e explicada polo miúdo pola secretaria na sesión e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento, como segue:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 20:47	Páxina 6 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAD57-A6EHC8-EEB2DC-TS5ZQZ-UEBJGZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica soporte dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en Festas" (10068-335)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 5 de abril de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo de produción técnica soporte dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en festas".

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 14 de marzo de 2024 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do 26 de marzo de 2024 asinados pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación 866.366,34 €, sendo o valor estimado do contrato de 3.944.570,08€ con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 "FESTAS DE VIGO" e as seguintes anualidades:

- ano 2024: 826.470,17 € (95,395 %)
- ano 2025: 39.896,17 € (4,605 %)

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 16 de maio de 2024 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 16 de maio de 2024, de VIVE NIGRÁN, S.L. por non axustarse a súa oferta ao disposto no prego de prescricións técnicas consonte á cláusula 14.3.B) ("A Mesa, en resolución motivada, excluírá da licitación as proposicións nas que conorra algunha das seguintes circunstancias: (...) c) Que non se axuste ao disposto no prego de prescricións técnicas"). :

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica soporte dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en Festas" (10068-335) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	FLUGE GALICIA, S.L.	85,00



Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, FLUGE GALICIA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar, tanto a adscrición dos medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC-, como habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC-*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, FLUGE GALICIA, S.L., o día 16 de maio de 2024, que presenta a documentación requirida os días 20 e 21 de maio de 2024, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- As escrituras de constitución e de cambio de denominación da licitadora e os estatutos xunto coa escritura de apoderamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (2.761.199,06 €), presentan as contas da licitadora que integra a solvencia do ano 2022 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (606.456,44 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2023 supera esta cantidade.
- Acreditación dos medios persoais a adscribir á execución do contrato e da habilitación profesional esixidos no apartado 5F e 5G do Anexo I -FEC- do PCAP, respectivamente.)
- Solicitud de retención no prezo da garantía.

Ademais desta documentación, figuran no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, os certificados positivos de débedas da AEAT, a TGSS e a ATRIGA e, no expediente, o do Concello de Vigo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 24 de maio de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 20:47	Páxina 8 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAD57-A6EHC8-EEB2DC-TS5ZQZ-UEBJGZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar FLUGE GALICIA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por FLUGE GALICIA, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor, de data 13 de maio de 2024 e o acordo da Mesa de Contratación, de data 16 de maio de 2024, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliábeis a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 15.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 16 de maio de 2024, de VIVE NIGRÁN, S.L. por non axustarse a súa oferta ao disposto no prego de prescricións técnicas consonte á cláusula 14.3.B) ("A Mesa, en resolución motivada, excluírá da licitación as proposicións nas que concorran algunha das seguintes circunstancias: (...) c) Que non se axuste ao disposto no prego de prescricións técnicas").

Segundo.- Adxudicar a FLUGE GALICIA, S.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica soporte dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en Festas" (10068-335) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 866.366,34 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 150.361,10 euros.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 20:47	Páxina 9 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAD57-A6EHC8-EEB2DC-TS5ZQZ-UEBJGZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



- b) *Porcentaxe de desconto a aplicar á parte fixa do contrato do 6 %.*
- c) *Porcentaxe de desconto a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP do 6 %.*
- d) *Incremento dun vixilante uniformado a maiores do esixido na cláusula 6 do PPTP para a realización de tarefas de vixilancia nos eventos das tipoloxías II e III.*
- e) *Incremento de catro caixas de son do Delay.*
- f) *Incremento do equipo de iluminación en 10 unidades de focos PAR LED e en 6 unidades de cabezas móbiles híbridas.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada."

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 20:47	Páxina 10 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAD57-A6EHC8-EEB2DC-TS5ZQZ-UEBJGZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		